

# MORTALIDADE DE AVES EN ARTES DE PESCA

---



## Aves Ártabras

*Compartindo espazos*

## Índice


1.	Mortandade en artes de enmalle.....	1
1.1.	Trasmallos .....	1
1.2.	Miños .....	2
1.3.	Vetas.....	3
1.4.	Conclusións .....	3
2.	Mortandade no Palangrillo .....	5
2.1.	Conclusións .....	6

# 1. MORTANDADE EN ARTES DE ENMALLE

Entre 1999 e 2021 a UTPB realizou un total de 502 mostraxes na zona ártabra con diferentes artes de enmalle (234 de trasmallos, 162 de miños, 104 do grupo das vetas, 1 de xeito e 1 de raeira). Rexistrouse presenza dalgún tipo de aves nos aparellos en 15 destas mostraxes (2,9%). Por lances ou caceas, houbo presenza de aves en 15 lances dos 950 virados (1,5%). Por artes, os trasmallos foron claramente os que tiveron unha maior incidencia, 11 lances, por 2 lances de miños e outros 2 de vetas.

## 1.1. TRASMALLOS

As 11 mostraxes de trasmallos nas que houbo rexistros de aves capturadas foron realizadas principalmente dende o porto de Sada (7). O resto, fixéronse dende A Coruña (2), Ferrol (1) e Mugar dos (1). Estes rexistros comprenden o período de anos entre 2003 e 2014. Por meses, 3 destas mostraxes foron en xaneiro, 2 en febreiro, 3 en marzo, 1 en abril, 1 en outubro e 1 en decembro. Os observadores a bordo identificaron un total de 6 especies ou tipos de aves nas 11 mostraxes de trasmallos nas que houbo incidencia




Capturáronse aves fundamentalmente no fondo das rías de Betanzos e A Coruña.

Os trasmallos nos que se rexistrou algunha captura accidental de aves estiveron calados dun día para outro en 8 ocasións, combinando períodos diúrnos e nocturnos. Nas outras 3 mostraxes, levantáronse no mesmo día de pesca sendo a faena de traballo principalmente diúrna. En conxunto, os trasmallos estiveron unha media de 27 horas calados no mar. As dimensións das mallas estaban comprendidas entre 80 e 115 mm para o pano interior e 400 e 540 mm para os exteriores. A altura dos aparellos rexistrouse entre 2 e 2,80 metros e traballaron en fondos comprendidos entre 1 e 18 metros de profundidade.

## 1.2. MIÑOS

As 2 mostraxes de miños nas que houbo rexistros de aves capturadas foron realizadas dende o porto de Mugaros e ambas no ano 2010. Unha delas fíxose no mes de marzo e a outra no de abril.

Os observadores a bordo identificaron 2 especies ou tipos de aves nas mostraxes de miños nas que houbo incidencia.




Os 2 lances de miños nos que se rexistrou algunha captura accidental de ave estiveron calados 48 e 14 horas, respectivamente. As dimensións das malla eran de 95 mm para o pano interior e de 550 mm para os exteriores. A altura dos aparellos rexistrouse en 3 metros e traballaron en fondos comprendidos entre 10 e 20 metros de profundidade.

### 1.3. VETAS

As 2 mostraxes de vetas nas que houbo rexistros de aves capturadas fixéronse dende os portos de Coruña e de Mugardos. Realizáronse en febreiro de 2012 e en novembro de 2009, respectivamente.

Os observadores a bordo identificaron un total de 2 especies ou tipos de aves nas mostraxes de vetas nas que houbo incidencia.



Os aparellos de vetas nos que houbo capturas accidentais de aves estiveron calados entre 2 e 3 horas, en períodos principalmente diúrnos. As dimensións das mallas foron de 60 mm para ámbalas dúas mostraxes. A altura dos panos rexistrouse entre 2,80 e 3 metros e traballaron en fondos comprendidos entre 7 e 20 metros de profundidade.


### 1.4. CONCLUSIÓNS

- A presenza de aves capturadas accidentalmente nos aparellos de enmalle nas mostraxes realizadas na zona ártabra pódese considerar baixa. Tan só no 2,9% das xornadas e no 1,5% dos lances totais analizados detectouse algún rexistro de capturas.
- Os trasmallos (73% das mostraxes de enmalle) foron a principal arte na que se rexistrou presenza de aves nos aparellos. Os miños e as vetas tamén tiveron algún rexistro pero moito mais ocasional.

- Todos os rexistros de capturas de aves obtivéronse entre os anos 2003 e 2014. A meirande parte dos exemplares recolléronse no período de meses entre xaneiro e abril e nun rango de profundidades de 0-20 metros.
- En total identificáronse ata 7 especies ou variedades de aves diferentes.

## 2. MORTANDADE NO PALANGRILLO

Entre 1999 e 2001 a UTPB realizou un total de 50 mostraxes de palangrillo na zona Ártabra. Rexistrouse a presenza dalgún tipo de aves nos aparellos en 2 destas mostraxes (4%). Por lances ou caceas, houbo presenza de aves en 3 lances dos 262 virados (1,15%).



Dentro das artes que tiveron interacción coas aves as embarcacións de palangrillo son as que concentraron a menor parte da actividade en 2019 (10,2%).

As 2 mostraxes de palangrillo nas que houbo rexistros de aves (*Morus bassanus*) capturadas foron realizadas dende o porto de Ferrol nos meses de marzo de 2003 e 2010, ambos na zona dos Delgados en Narón.

Os tres lances nos que se rexistrou algunha captura accidental de aves estiveron calados dun día para outro, combinando periodos nocturnos e diurnos. En conxunto, os palangrillos estiveron unha media de 24 horas calados no mar.

## 2.1. CONCLUSIÓNS

- A presenza de aves capturadas accidentalmente no palantrillo nas mostraxes realizadas na zona ártabra pódese considerar baixa. Tan só no 4% das xornadas observadas e no 1,15% dos lances totais analizados detectus algún rexistro de capturas.
- Os exemplares colléronse nos meses de xuño de 2003 e marzo de 2010.
- Identificouse unha soa especie, o mascato (*Morus bassanus*).